


# Guía para formar parte da Rede Eco Hortas Escolares



## Coordinación:

Amigos da Terra

## Redacción:

Fundación Entretantos

## Data elaboración:

Outubro 2022



Este material publícase baixo licenza Creative Commons “Atribución-NonComercial-Compartir Igual 4.0 Internacional”

# 0 Índice

## 1. Achegándonos á Rede Eco Hortas Escolares

Pax 4-5

## 2. Podería o meu centro formar parte desta Rede?

Pax 6-13

## 3. Desfrutar da Rede. Quen fai que cando se está na Rede

Pax 14-18

## 4. Como incorporarse á Rede

Pax 19-20

## 5. Máis información de interese

Pax 21-22

# 1. Achegándonos á Rede Eco Hortas Escolares

A Rede de Eco Hortas Escolares é un espazo de intercambio de coñecementos e experiencias para centros educativos galegos que teñan en marcha -ou queiran iniciar- unha horta ecolóxica nas súas instalacións.

A orixe desta Rede atopámola en centros que levaban tempo traballando coa horta, -moitos deles vinculados ao proxecto Eco Hortas desenvolvidos co apoio de Amigos da Terra- e que, despois dun tempo funcionando de forma illada, decidiron constituírse en Rede para compartir experiencias e coñecementos e desenvolver así proxectos cada vez máis sólidos.

## A quen vai dirixido este proxecto?

A calquera persoa ou colectivo pertencente á comunidade educativa dun centro escolar galego, de primaria ou secundaria, cun proxecto educativo ligado á horta, e con interese en desenvolvelo baixo unha visión de cooperación e intercambio de recursos con outros centros e Amigos da Terra.

## Os valores da Rede Eco Hortas

As hortas escolares son ferramentas enormemente creativas e poderosas para traballar contidos, conceptos, visións do mundo, valores, etc. que se ven fortalecidos formando parte da Rede. Así podemos velos a través de:

### Traballo na propia horta

A propia práctica da horta xa está directamente vencellada a valores educativos, culturais, psicomotrices, ecolóxicos etc.

### Relación cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

É doado atopar a converxencia entre os propios obxectivos das Eco Hortas e os ODS, facilitando a abordaxe da materia de currículo (máis información ao respecto no último apartado desta guía).

## Potenciais de estar en rede

Estar en contacto con outros centros e a coordinación da rede ademais dos servizos e beneficios que se detallan máis adiante, permite escalar os resultados buscados co traballo da horta polo enriquecemento doutros actores que participan do proxecto.

## Que pode proporcionarme formar parte da Rede de Eco Hortas Escolares?

- 🌱 Unha **formación inicial** que ofrecerá os contidos precisos para iniciarse no cultivo ecolóxico (planificación e deseño da horta, asociación e rotación de cultivos, calendario de plantación etc.).
- 🌱 O **apoio técnico** necesario para desenvolver a horta escolar co alumnado participante.
- 🌱 **Recursos educativos** para desenvolver nas aulas de primaria sobre agroecoloxía e soberanía alimentaria.
- 🌱 **Fichas de actividades** exitosas asociadas á horta escolar elaboradas polo propio profesorado dos centros da Rede.
- 🌱 Un **espazo web** para intercambiar experiencias, recursos e aprendizaxes.

## Beneficios

**Para o persoal docente:** Posibilidade de adquirir competencias da man de formadores/as especializados/as e docentes doutros centros integrados na Rede.

**Para o alumnado:** Participación nun proxecto educativo con enorme potencial para a adquisición de habilidades persoais e de grupo.

**Para o centro:** Integración nunha rede de traballo plural e conversión da escola nun espazo transformador que integre a educación ambiental e o desenvolvemento sostible como eixos transversais no proceso de ensino.

## 2. Pode o meu centro formar parte desta Rede?

Segundo o último [mapeo de centros](#) que fixemos en Galicia, a diversidade de situacións é ampla, tanto no que respecta ao tipo de actividades que se desenvolven ao redor da horta, como na antigüidade do proxecto, as metodoloxías empregadas ou o persoal implicado.

Dando resposta a esta diversidade, a Rede abre varias modalidades para poder integrar o máximo número de centros interesados no traballo na horta ecolóxica como ferramenta educativa. Por iso é importante que valores inicialmente en que situación está o voso centro a nivel de motivación, organización curricular, recursos materiais, humanos e orzamentarios, para poder decidir sobre a vosa integración na Rede.

### **Por onde comezamos? Unha proposta de itinerario e consellos para os primeiros pasos**

Como intuirás, contar con horta e orzamento cambia substancialmente o ritmo de incorporación á Rede; pero non ter estas cousas tampouco supón un obstáculo infranqueable...

Neste apartado tentamos recoller as distintas situación que poden darse antes de botar a andar o proxecto de Eco Horta Escolar, ofrecendo camiños e alternativas a seguir en cada caso. Con todo, cada centro é un mundo, e sempre haberá circunstancias propias que haberá que valorar chegado o momento, buscando unha adaptación ás necesidades específicas de cada caso.

**ESTAMOS PENSANDO NUNHA HORTA NO COLE**

**Non temos horta**

**Non temos horta  
nin terreo para  
poñela**

**Buscar terreo ou  
outra localización  
para cultivar**

**Non temos horta pero  
si terreo para poñela**

**Xa temos horta**

**Reformulacion mellora**

**DEFINIR: ALUMNADO, PROFESORADO  
E OUTRAS AXENTES PARTICIPANTES**

**Axustar orzamento e material**

## Sobre o terreo

Como é lóxico, contar cunha horta é un gran avance na posta en marcha do proxecto; así que, se é o voso caso, parabéns!

É de supoñer que, de contar xa cun terreo de cultivo en uso, o motivo polo que estás a ler este documento responde á necesidade de reformular e/ou mellorar o voso proxecto incorporándose á Rede. Podes pasar logo ao seguinte punto.

Se non contas con horta, haberá que facela!  
As posibilidades son varias:

### Dentro dos terreos do centro hai espazo dabondo para facer a horta

Perfecto! Nada máis teredes que delimitar onde queredes poñela -aquí podemos axudarvos - e xa podes pasar ao seguinte punto.

### Non hai espazo dentro do recinto do centro

Igual é posible acceder a algún terreo fóra; un terreo particular ou público que, cun pouco de traballo e unhas cantas xestións, pode converterse na vosa horta.

**O ideal sería ter o maior espazo posible mais se non é así, considérase que 5 m<sup>2</sup> é o tamaño mínimo para ser denominado horta.**

## Sobre as participantes e os obxectivos

Ben, temos xa unha horta ou contamos cun terreo propio ou alleo onde poder facela. Haberá que decidir agora que é o que faremos neste espazo, con quen e como...



## Repasando polo miúdo:

🌱 Se temos xa unha horta en uso e estamos pensando en incorporarnos á Rede, será bo preguntarnos que funcionou e que é mello-rable. Esta reflexión pode axudar moito a reformular a nosa iniciati-va en clave construtiva.

🌱 Pensemos agora nas participantes.

A posta en marcha dunha horta pode ser iniciativa de moita xente distinta: un grupo do alumnado que está interesado no tema; pro-fesorado motivado e con ganas de facer outras cousas; un equi-po directivo cun proxecto de centro integral; familias que queren participar activamente na educación das súas fillas e fillos; unha asociación veciñal implicadísima no centro educativo; mesmo dunha conserxe con alma labrega! En cada caso, haberá que definir colectivamente que obxectivos fixar.

🌱 En calquera caso, o colectivo que queira iniciar o proceso terá que ser consciente dos seus propios recursos.

Por exemplo, se ao comezo do proxecto só estamos dúas profes, igual xestionar 200 m<sup>2</sup> de horta resulta un pouco excesivo... O que non quita que, chegado o momento, e dependendo da dinámica que colla a horta e as sinerxías con outros colectivos, poidamos chegar a traballar todo ese terreo.

🌱 E cando teñamos unha idea clara de quen vai traballar na horta (e mesmo quen pode botarnos unha man), xa podemos poñernos a decidir que tipo de horta queremos.

Pode ser unha horta con obxectivos cinguidos á propia horta -aprender como se cultivan os alimentos, coñecer as característi-cas das plantas-, ou máis amplos -mudar hábitos de alimentación, mudar hábitos de consumo-.

Definidos participantes e obxectivos, cómpre tamén pensar como encaixará a horta na amalgama de intereses dos distintos colecti-vos cos que compartimos espazo, así como do resto de proxectos e iniciativas do centro e incluso da zona ou comunidade onde estea.

## RESUMINDO...

### PUNTO DE PARTIDA

Avaliación inicial. Que funcionou e que é mellorable? (se había/haí horta en funcionamento)

### PARTICIPANTES E DESTINATARIAS


Alumnado, Profesorado, Equipo directivo, Familias, PAS, Outros colectivos

### OBXECTIVOS

Vinculados á horta  
Máis amplos

### INTERESES E INICIATIVAS

Relación con outros proxectos. Intereses e implicación de alumnado, profesorado, dirección do centro, ANPA, outros colectivos, etc.



## Sobre o orzamento e o material

Un proxecto de horta no centro require dun orzamento específico e realista -inda que non soe ser elevado- destinado fundamentalmente a material e -en caso necesario- persoal técnico de apoio para distintas cuestións (formacións, desenvolvemento da actividades educativas, asesoramento etc.).

É importante ter en conta os materiais e elementos imprescindibles e os que poden ser interesantes pero non necesarios para a posta en marcha da horta escolar.

### Elementos imprescindibles:

Ferramentas, materiais, sementes, dinamización do proxecto etc.

### Elementos importantes non imprescindibles:

Material de traballo variado etc.

### Elementos complementarios interesantes:

Estación meteorolóxica, libros de receitas, agasallos, saídas etc.

Para pensar na incorporación á rede e a modalidade máis axeitada, velaquí algunhas preguntas que quizais podan axudar:

Ten o meu centro unha horta propia xa activa?  
(a nivel de produción, como recurso educativo..)



Aínda que o meu centro non ten horta, ten un terreo propio para habilitala?

Aínda que o meu centro non ten horta, nin espazo propio para habilitala, podería ter acceso á terra para facela (mediante convenios co concello, unha asociación de veciñas, hortas urbanas, maceta-hortas, hortas verticais etc.)



Quen ten interese en poñer en marcha este proxecto de horta? Que capacidade de decisión ten ao respecto?

Que comunidade potencial estimamos que se involucraría máis aló do alumnado? (familias, profesorado, veciñanza..)



Está o meu centro xa traballando arredor da horta como recurso educativo? En caso afirmativo, en que niveis educativos? En caso negativo, en que niveis educativos desexaríamos facelo?

Que obxectivos queremos acadar con este proxecto? Ata onde queremos chegar?



Con que recursos económicos podería contar o centro para poñer a disposición deste proxecto?

Con que recursos materiais xa conta o centro (ferramentas, elementos para facer bancais, roupa de traballo..)




# 3. Desfrutar da Rede, compromisos e quen fai que cando se está na Rede

Que pasa entón se entramos na rede? Quen fai que? Como funciona? A que servizos temos dereito...? E que compromisos adquirimos como centro? Velaquí algunhas respostas:


## Desde a Rede achegamos...

### Coordinación xeral do programa e o calendario-itinerario



Desde o equipo da rede deseñarase co centro o itinerario formativo e de acompañamento, a identificación dos compromisos e o desenvolvemento xeral do programa acorde coas características específicas do centro (ver máis abaixo en “actividades”).

### Persoal de apoio especializado en agroecoloxía escolar



A Rede proporciona a coordinación xeral do acompañamento, a coordinación do persoal de apoio que acompañará ao centro durante o programa así como a propia acción de asesoramento na horta, formación etc. con todos os custos (desprazamentos, honorarios, materiais...) incluídos.

## Elaboración de material didáctico



A Rede proporcionará diverso material de apoio específico para o profesorado e o alumnado para o traballo na horta e o desenvolvemento dos valores vencellados.

## Formación/obradoiros



Ao longo do curso organizaranse distintos eventos formativos que axuden o persoal do centro a aprofundar nas tarefas da horta e no seu rol como educadoras.

## Recursos educativos



A Rede conta cunha importante biblioteca de recursos propios e doutras entidades coas que mantén un contacto e actividade continua.

## Comunicación e intercambio de experiencias



A Rede fomentará e facilitará a comunicación e fortalecemento entre centros, así como o intercambio de experiencias, materiais, dúbidas etc. a través de foros, encontros presenciais ou virtuais etc.

## Asesoramento continuo



A Rede será un espazo aberto a calquera consulta relacionada co programa, os contidos formativos etc. máis aló das actividades programadas con cada centro.

**Importante!** A oferta de actividades e as modalidades de apoio técnico que podemos ofrecer dependen en gran medida do financiamento dispoñible para o proxecto, polo que poden variar dun ano para outro. Cada curso escolar informaremos do programa de actividades dispoñibles e os requisitos de acceso.

## Os centros participantes comprométense a:

### Persoal

O centro deberá identificar perante a Rede o persoal vencellado ao programa, concretamente da persoa ou persoas interlocutoras e con poder de decisión.

### Material

Proporcionar o material preciso (ferramentas, sementes, sementeiros etc.) para o traballo na horta de todo o persoal e alumnado.

### Calendario e currículo

Respectar o calendario acordado de coordinación coa rede, cumprir o desenvolvemento de actividades acordado coa rede sexa na aula, na horta etc., así como, dentro do posible, a posta en marcha de actividades complementarias (formacións, obradoiros, encontros da Rede etc.).



## Actividades da rede

Como se sinalou antes, cada centro contará cun calendario e itinerario de formación e acompañamento axustado ás características do centro. Con todo, hai unha serie de fitos temporais comúns dependendo do compromiso durante tres cursos escolares:

### 🌱 Formación inicial de horta ecolóxica escolar conxunta

(obrigatoria o primeiro ano).

### 🌱 Visita inicial de planificación de horta para aquelas que comezan.

🌱 8 visitas de apoio técnico (para as que non teñen horta no primeiro e segundo curso) ou 4 visitas (no caso de contar con horta).

### 🌱 Polo menos unha actividade de aula con enfoque de cidadanía global

Os centros de primaria contarán cunha “maleta pedagóxica” como material de apoio.

🌱 Valorarase co centro a viabilidade da posta en marcha de compostaxe escolar e/ou a vinculación co comedor para a integración do proxecto a nivel de centro.

Ademais, no terceiro ano promoverase o deseño dalgún proxecto global para compartir co resto da rede no caso de centros de primaria, e a incorporación dun proxecto transversal a varias materias no caso de secundaria. Tamén, durante este terceiro ano, se promoverá a formación dun grupo de familias voluntarias ou colaboración con outras entidades.

## CEIP

SEN HORTA

CON HORTA

## IES

SEN HORTA

CON HORTA

## Formación inicial en horta escolar ecolóxica

Común e simultánea a todos os centros educativos.  
Obrigatoria no primeiro curso; Opcional no segundo curso para novos docentes

## Apoyo técnico: visitas monitor/a a cargo da Rede

## INTENSIVO

8 visitas  
(1/mes sen contar decembro)

## BÁSICO

4 visitas  
(1/trimestre + 1 visita de planificación ao inicio do curso)

## INTENSIVO

8 visitas  
(1/mes sen contar decembro)

## BÁSICO

4 visitas  
(1/trimestre + 1 visita de planificación ao inicio do curso)

## Actividades de aula con enfoque de cidadanía global

1 actividade da maleta pedagóxica da Rede (1/trimestre)

Deseño e posta en marcha de 1 actividade de aula, nas materias que o centro defina

## Formación inicial en horta escolar ecolóxica

Opcional

## Apoyo técnico: visitas monitor/a a cargo da Rede

## BÁSICO

Apoyo técnico básico: 4 visitas de monitor/a a cargo da Rede (1 visita de planificación ao inicio do curso+1/ trimestre)

## Actividades de aula con enfoque de cidadanía global

Deseño e posta en marcha de 1 actividade de aula con enfoque de cidadanía global para compartir na Rede

Deseño e posta en marcha de 1 actividade de aula, nas materias que o centro defina

## Participación da comunidade educativa

Impulsar a participación dun grupo de familias voluntarias

Impulsar a participación dun grupo de familias voluntarias ou colaboración entidades alleas ao centro

# 4. Como incorporarse á Rede. Pasos para a adhesión

## Como MEMBRO da Rede de Eco hortas

Se estás interesada en formar parte da Rede Eco Hortas Escolares, ponte en contacto con nós no seguinte enderezo [cooperacion@amigosdaterra.net](mailto:cooperacion@amigosdaterra.net) ou a través do formulario que atoparás na web <https://ecohortasescolares.gal/contacto/>.

Estableceranse contactos e reunións para valorar as posibilidades de traballo segundo o espazo dispoñible para a horta, o profesorado interesado e os grupo de alumnos/as cos que se podería traballar nas actividades para as que se presta acompañamento técnico.

Finalmente, asíñase un acordo de colaboración con Amigos da Terra onde se recollen as principais responsabilidades de cada unha das partes, os mecanismos de coordinación, así como os espazos de traballo conxunto.

## Como AMIGA da Rede de Eco Hortas

Se o teu centro non pode cumprir de momento os compromisos precisos para integrarse na Rede de Eco Hortas Escolares ou non hai partida orzamentaria suficiente dentro do programa para acoller a todos os centros, podes participar formando parte do proxecto como Eco Horta Amiga da Rede.

Esta modalidade ofrécese a centros educativos de Galicia que, sen ter acceso ao plan de formación e asesoramento personalizado e presencial da Rede, teñen interese en empregar este espazo de aprendizaxe e intercambio de experiencias.

Proporciónaselles igualmente:

Y Visibilidade do proxecto de horta do centro no web da Rede e acceso á información e recursos compartidos.

Y Acceso a recursos didácticos sobre cultivo ecolóxico e/ou actividades complementarias na aula, adaptadas a diferentes niveis educativos.

Y Prioridade de acceso ao programa de formación e apoio técnico virtual.



# 5. Máis información de interese

Se queres ampliar a información sobre a rede, a horta escolar ou os ODS podes visitar os seguintes enlaces e documentos:

## Algúns web e ligazóns de interese

[Rede de Ecohortas Escolares da Galiza](#)

[As hortas escolares en Galicia\\_2022](#)

[Memoria xornadas en liña “Educación para a Cidadanía Global e a sustentabilidade: Experiencias desde as hortas escolares”](#)

## Outras redes de hortas escolares

Rede internacional de hortas escolares

La Rioja: <https://www.larioja.org/medio-ambiente/es/educacion-informacion-ambiental/programa-educacion-ambiental-cehs/red-huertos-escolares-participativos-ecologicos>

Madrid: <https://diario.madrid.es/huertosescolares/>

Zaragoza: <https://www.zaragoza.es/sede/portal/medioambiente/educacion-participacion/huertos-escolares/>

## Vídeos

[Xornadas “Educación para a Cidadanía Global e a sustentabilidade: Experiencias desde as hortas escolares”](#)

## Documentos

[Manual de Sistematización de Horta Escolar - EEI Monte da Guia](#)

## Bibliografía e materiais

[Estrella Torres, A. \(2020\). Educación para la ciudadanía global: Los huertos escolares y los ODS. Comillas Journal of International Relations, \(19\), 91-99](#)

## Máis recursos educativos no noso web

<https://ecohortasescolares.gal/recursos-educativo>



[https://ecohortasescolares.gal/  
cooperacion@amigosdaterra.net](https://ecohortasescolares.gal/cooperacion@amigosdaterra.net)



[www.amigosdaterra.net](http://www.amigosdaterra.net)  
[info@amigosdaterra.net](mailto:info@amigosdaterra.net)  
988374318 / 986229089



"Esta publicación realizouse co apoio financeiro da Xunta de Galicia. O contido da dita publicación é responsabilidade exclusiva de Amigos da Terra e non reflicte necesariamente a opinión da Xunta de Galicia".